

SUXESTIÓNS PASTORAIS

- **Poñede o belén** nun lugar visible e relevante. Reunídevos ante el en familia cada día, ou algúns días para rezar con sinxeleza ante o Deus feito home. Se hai nenos, cada noite antes de ir durmir, achegarémonos con eles a dar un bico ao neno Xesús e a dicir unha oración ou cantar unha panxoliña. Adornemos o resto de casa creando un ambiente festivo.
- Tratemus de **facernos presentes** polo menos de maneira telemática (teléfono, vídeo, WhatsApp, skype...) cos nosos familiares afastados e con aquelas familias soas, anciás, enfermas ou que lles faltou alguén durante a pandemia.
- **Que o Nadal sexa solidario.** Colaboremus con Cáritas ou fagamos unha achega económica nalgún proxecto solidario. Se hai nenos, ensinémolles a compartir os xoguetes e a non exhibilos ante os que teñen menos. Non estaría de máis visitar a persoas que están en residencias de anciáns e que teñen pouco quen lles visite.
- Para a **Xornada da Familia** colocamos o cartel de Fano na xanela. Podemos colocar debaixo do altar unha casiña do belén que nos lembre ás nosas familias, as figuras de Xesús Xosé e María ou unha icona da Sda. Familia. Facemos unha súplica polas familias en paro, con problemas... Xuntos vencemos a falta de fe, o desamor, á rutina. Rezamos xuntos a oración deste ano da familia (está ao final).
- **Non esquecemos na familia** a fe, orar xuntos, ir ao templo, as “ cousas de Deus”, facer presente a Xesús. Tratemus de mellorar en respecto, igualdade, tenrura, perdón, alegría.



ORACIÓN DA FAMILIA 2023:

Deus Pai, que na Sagrada Familia déchesnos un modelo perfecto de vida de fe e obediencia á túa vontade, dámosche grazas pola nosa familia e rogámosche que nos concedas a fortaleza para permanecer unidos no amor, a xenerosidade e a alegría de vivir xuntos.

Señor Xesús, que creciches no fogar de Nazaré, pedímosche que nos axudes a cumprir a nosa misión de transmitir a fe que herdamos dos nosos maiores.

Abre os corazóns dos nosos fillos para que florezan neles a semente da fe que recibiron no bautismo. Fortalece a fe dos nosos mozos e axúdaos a descubrir a súa vocación.

Espírito Santo, aumenta o amor e conserva a fidelidade en todos os matrimonios; guía a aqueles que teñen dificultades para que poidan superalas permanecendo unidos na caridade.

Pedímoscho por intercesión da Sagrada Familia, modelo supremo de vida familiar. Amén.

VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO:

SAGRADA FAMILIA-B: Lc. 2, 22-40

-Xesús, María e Xosé, Fundación Ramón Pané: <https://youtu.be/CC-Ou2fITzf0>

-Lc. 2, 22-40, película: <https://youtu.be/sibnxA9yDQ>

-O neno Xesús é presentado no templo, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=Hwfs9cE03C4>

-Historia de Simeón e Ana, debuxos:

<http://youtu.be/gouqlgtxmb0>

-Presentación no templo, debuxos:

<http://youtu.be/jpe0tC2LD9I>

-Xesús perdido no templo, debuxos:

<https://www.youtube.com/watch?v=ea-GWsLAEIo>

-A esperanza de Simeón, debuxos: https://youtu.be/H32k_3QSgds

-Levántate, Verbo divino 2013, reflexión :

<http://www.youtube.com/watch?v=0IXLhpEhrkA>

-En familia, Verbo Divino 2014 B, reflexión: <https://youtu.be/aTrSO50mX40>

-Sabedoría para compartir, Verbo divino 2017, reflexión:

<https://youtu.be/qd0vNXqFsuo>

-Con Luz, Verbo Divino 2021 B, reflexión: https://youtu.be/xnI3RFHHA_g



- Máis aló do visible, Verbo Divino 2023 B, reflexión: <https://youtu.be/eG-nvyLc2ea>
- Familia de Nazaré, canción, Javier Brú: <https://youtu.be/nv96Kw3wY7ou>
- No taller de Nazaret, canción:
<http://www.youtube.com/watch?v=DYwhG0RqXgU>
- A familia sagrada, Jesed: <https://youtu.be/watch?v=T0qb0h65PZY>
- Oración pola familia, Pai Zezinho:
http://www.youtube.com/watch?v=ZaBEr_CvRRk
- Canto á familia: <http://www.youtube.com/watch?v=5vieJwg-YJk>
- Canción para a familia, Robert León:
<https://www.youtube.com/watch?v=yzl7chnMVkY>
- O mellor que a vida me deu, Pimpinela:
<https://www.youtube.com/watch?v=SaBYkOxoQ6c>
- Vanse, Pimpinela, canción:
<https://www.youtube.com/watch?v=5A2eJRH76PE>
- Lecturas en linguaxe de signos: <https://youtu.be/g2sfdwLT0Yc>
<https://youtu.be/GMcBfJHpvgM>
<https://youtu.be/XC-ZsZo0JZM> MARÍA, NAI #DE DIOS (Lc 2, 16-21) -Lc. 2, 16-21, debuxos: <http://youtu.be/kguatu68MXo>
- Lc. 2, 16-21, debuxos: <http://youtu.be/wxip7qDmhGs> -Lc. 2, 16-21, debuxos: <http://youtu.be/pquog5beHt0>
- Adoración dos pastores, Valiván, canción: <https://youtu.be/4gnmOFSnNsA>
Adeste fideles, canción: <http://youtu.be/-7oKm-a7dto>

MARÍA, NAI DE DEUS (Lc 2, 16-21)

- Lc. 2, 16-21, dibujos: <http://youtu.be/KGuatU68MXo>
- Lc. 2, 16-21, dibujos: <http://youtu.be/wXIP7qDmhGs>
- Lc. 2, 16-21, dibujos: <http://youtu.be/PQUoG5beHt0>
- Adoración dos pastores, Valiván, canción: <https://youtu.be/4gnmOFSnNsA>
Adeste fíceles, canción: <http://youtu.be/-7oKm-a7dto>

ORACIÓN PARA FINAL DO ANO

“Ao finalizar o ano, Señor, preséntome diante túa como cunco baleiro, para que me enchas do teu amor. Preséntome diante túa como barro fresco, para que me deas forma de novo. Preséntome diante túa como caderno usado, para estrear páxina nova contigo. Preséntome diante túa, cheo de min, para que me baleires e sexas ti a presenza que me habita no fondo. Preséntome diante túa, aínda que apenas te teño presente, para que ti me invadas, envólvasme, lévesme da man. **Mari Patxi Ayerra.**”

ORACIÓN PARA O 1 DE XANEIRO:

GRAZAS POLA VIDA, SEÑOR!

GRAZAS POLA VIDA, SEÑOR! Grazas, Señor, polo ano que terminou, e ilumina o que agora iniciamos.

Grazas porque nos dás 365 novas oportunidades, fai que non te perdamos en ningún dos meses que imos vivir.

Grazas porque nos fas instrumentos da túa paz, que non esquezamos pedir a túa axuda cando asome o pesimismo.

Bendicímote porque coñeces a nosa vida pasada, e porque guiarás a futura.

Bendicímote porque pasas ou detés o calendario, que vivamos con amor e fe todas e cada unha das súas xornadas.

Bendicímote porque Ti elaboras, constrúes e levantas, que nos próximos meses así sexa a través das nosas mans.

Bendicímote pola túa Nai e a nosa Nai, María, que nos axude a esquecer o malo do ano precedente e a prepararnos con amor de Nai ao mañá que nos espera.

Grazas, pola vida, Señor!

